

## Feminismos, Comúns e Ruralidades. A Academia volve os ollos aos saberes subalternos.

*Feminisms, Common and Ruralities: the Academy meets subaltern knowledges. Conversation between Fran G. Quiroga and Lara Dopazo*

### ■ Comba Campoi

*moderación da conversa e edición do texto*

*Universidade de Santiago de Compostela*



Lara Dopazo e Fran Quiroga nun momento da conversa, celebrada na facultade de Filosofía da USC. Imaxe: César Fieiras e Íñigo Rolán

### NOTAS BIOGRÁFICAS

**Lara Dopazo Ruibal** é xornalista de formación, especializada en cooperación internacional, comuneira no Programa de Estudos en Mancomún e poeta.

Contacto: [dopazo.ruibal@gmail.com](mailto:dopazo.ruibal@gmail.com)

**Fran Quiroga** é investigador *rarito*, licenciado en Ciencias Políticas. É comisario e co-coordinador do Programa de Estudos en Man Común e colaborador en HISTAGRA.

Contacto: [fran.g.quiroga@gmail.com](mailto:fran.g.quiroga@gmail.com)

**Comba Campoi** é doutora en Ciencias da Comunicación e profesora na facultade de Humanidades de Lugo. A súa investigación xira arredor das formas de resistencia simbólica das subalternas a través do teatro popular.

Contacto: [combecha@gmail.com](mailto:combecha@gmail.com)

**N**on empregan o termo, mais sitúan-se na subalternidade, coas súas prácticas e saberes historicamente desprezados, para xerar coñecemento. A subalternidade, como espazo de diferenzas e non tanto de identidade, consitúe unha categoría de análise na que este número da RICD tratou de afondar, nomeadamente no seu aspecto comunicativo. Daí que decidisemos convocar a dous dos integrantes do Programa de Estudos en Man Común (PEMAN) como inicia-

tiva de pesquisa e acción que transgrede todos os marcos, integrando Academia con espazos artísticos e comunidades de montes en man común. A combinatoria adivíñase arriscada e os diálogos non sempre frutíferos, mais o intento é xa de por si unha apertura digna de mención. Durante a conversa, Fran Quiroga e Lara Dopazo debullaron as dificultades e os retos, as imposibilidades e a potencia dunha tal alianza entre institucións do saber-poder e saberes en risco de extinción.

**O Programa de Estudos en Man Común propón unha organización horizontal e colaborativa para a construción de pensamento. Como se articula e participa isto? Credes posíbel integrar nas dinámicas académicas fórmulas colaborativas?**

**Fran Quiroga:** O programa xorde para establecer un lugar de intercambio de coñecementos procedentes de movementos sociais, da Academia e de centros de arte. Persegúíase ese cruzamento. Para conseguir ese lugar de encontro era fundamental tecer procesos de toma de decisións máis horizontais entre as persoas participantes do programa. Primeiro se articula esa rede de institucións onde a coordinación do proxecto recae no colectivo Montonoso, sendo impulsado pola USC a través do grupo de investigación Histagra, e son socios do proxecto o MARCO de Vigo, o Medialab Prado, as comunidades de montes de Carballo (Friol) e Vincios, os colectivos Casa Colorida e Alga Lab e o concello de Allariz. Tamén conta co cofinanciamento da Fundación Daniel & Nina Carasso. O programa ten como obxectos de estudo os comúns, as ruralidades e os feminismos. Paralelamente buscábase replicar as aprendizaxes xeradas polos montes veciñais en man común, os seus espazos e mecanismos, a un programa de estudos. Faise unha primeira convocatoria para seleccionar participantes, non meros estudantes pasivos, senón que se empoderen do proceso e do seu devir e se convirgan en comunei-ras.

**Lara Dopazo:** Eu son unha das comunei-ras. Mentres estudamos a intersección entre ruralidades, comúns e feminismos, aprendemos facendo. Observamos como funcionan os comúns doutro tipo pero nós tamén xestionamos o común que é o propio grupo de estudos. Nós escollemos cales son as sesións, onde e cando son, dentro do marco de socios que temos e cos compromisos adquiridos con eles e con quen nos financia, e ímonos artellando como grupo que xestiona un común que é o grupo de estudos. Así que por un lado está o proceso de conformar grupo, tomar decisións: a gobernanza interna. E por outro lado, está o proceso de formación como en calquera programa de estudos sobre uns temas vinculados a algún dos tres eixos.

**—Falades todo o tempo de procesos, cando habitualmente a maquinaria académica está orientada fundamentalmente aos resultados. Como se xestiona iso? Os vosos financiadores non vos esixen resultados?**

**L.D.:** E que o proceso é un dos grandes logros do PEMAN. A aprendizaxe non é só o que aprendemos nos módulos. É como tomamos as decisións, como xestionamos o colectivo, como nos artellamos, como cohesionamos as persoas que formamos parte do grupo... Vimos de contextos moi distintos, con formas de ser e estar e prioridades moi distintas.

**F.Q.:** Hai que alertar dese sistema na universidade, que responde a un proceso capitalista, de esixencia de resultados, de coste e beneficio, que non permite atender aos procesos longos e experimentais. Porén, podemos desprazarnos cara a arte contemporánea, desde un

espazo experimental, que si que facilita este tipo de procesos. Estanse dando, noutros territorios, outro tipo de espazos e institucións que poden facilitar a reivindicación destes procesos lentos. Grazas a ter este espazo de encontro, de socialización, pódense xerar outros proxectos derivados, como por exemplo a investigación sobre as meigas. Do contrario estaríamos replicando unha práctica capitalista nun espazo en común que busca rachar con esa visión de privado e público; e tamén sería colonial, con respecto por exemplo ao medio rural, onde os tempos son doutra maneira. É verdade que tamén hai unhas esixencias, o proxecto tiña uns marcos e unhas temporalidades e hai que respectalos.

**—Faládenos das vosas escollas metodolóxicas e das súas motivacións.**

**L.D.:** Achegarse a estudar como obxecto de estudo os comúns é moi diferente se ti estás practicando os comúns que se non os practicas. Non é o mesmo achegarte a unha realidade como se fose un cadro que ti vas admirar, que se o estás vivindo e entendes como se xestiona, que conflitos hai, de onde veñen as vitorias, as boas prácticas, e as malas prácticas tamén. Porque o estás vivindo como parte dun colectivo que funciona de xeito semellante.

**“Buscábase replicar as aprendizaxes xeradas polos montes veciñais en man común, os seus espazos e mecanismos, a un programa de estudos”**

*Lara Dopazo*



Lara Dopazo e Fran Quiroga. Imaxe: César Fieiras e Iñigo Rolán

**F.Q.:** Hai que reivindicar os coñecementos situados fronte á visión máis académica, neutral, esa visión científica, universalmente válida...

**—Dalgunha maneira, ao situarvos nesa posición, estades buscando a subxectividade subalterna. Aínda que non utilicedes o termo, ao posicionarvos fóra do sistema académico estades tratando de resituar ese colectivo, ou de posibilitar que teñan unha voz.**

**F.Q.:** A min gústame falar de facilitar espazos de enunciación, fronte a esa visión máis paternalista de dar voz desde a Academia. A xente claro que ten voz, simplemente non é escoitada, nin na Academia nin nos museos, porque *no es guai*. Iso vese claramente nos comúns, que están agora moi en voga no ámbito do software libre ou da cultura libre, e esquecemos os comúns tradicionais que temos na nosa terra, con coñecementos situados. E iso é o que estamos tentando: esa praxe instituínte dos comúns, ese facer, ese imaxinar facendo. Eles levan alí anos e anos, a través de mil conflitos, mil formas de facer, facendo comúns... A cuestión é que ao mellor non teñen unha necesidade de problematizalo como temos nós, que xa estamos fóra desa

praxe. Pero eles vívena, e a través daí é onde nós podemos tamén intentar levalo a outros contextos ou tecer outras relacións nas que non sempre sufran as mesmas e non se repliquen os modelos de asimetrías de poder. Creo que nestes comúns pode estar unha chave, aínda que non están exentos de conflito, nin nós mesmas tampouco.


**—Pensades entón que os comúns vixentes hoxe poden ser aproveitados e aplicados noutros ámbitos?**

**F.Q.:** Estase dando un proceso de “acumulación por desposesión” como alerta David Harvey, estanse privatizando eses espazos comúns que tiñamos. Iso vese claramente nas prazas. Unha praza é un espazo de socialización, onde xogan os cativos, onde ao mellor a xente quere bicarse. E de repente poñen terrazas, o que xera renda para a administración pero quítanos espazos de socialización. É un proceso de privatización. Hai que alertar da importancia de ter eses lugares de encontro que son eses comúns, tanto no plano inmaterial como no físico. No Programa adicamos un tempo a xuntarnos para decidir de que falamos, que facemos, que problematizamos... A través daí xéranse outras cousas, iso é o inte-

**“Non é o mesmo achegarte a unha realidade como se fose un cadro que ti vas admirar, que se o estás vivindo e entendes como se xestiona, que conflitos hai, de onde veñen as vitorias, as boas e as malas prácticas”**

*Fran Quiroga*





Sesión de toma de decisións das comuneiras e comuneiros do Programa de Estudos en Man Común. Foto: PEMAN

resante: ter ese espazo para esa potencia... que non estea todo prefixado, deixarmos algo para o desbordamento.

**L.D.:** Creo que se tende a idealizar os comúns, que son grupos humanos tratando de xestionar recursos materiais ou inmateriais. A práctica nunca é perfecta. En si non son nin bós nin malos, depende de como sexa o proceso de gobernanza.

**F.Q.:** Houbo un proceso de subalternización, de marxinalización. É increíble que neste país teñamos un descoñecemento tan grande do monte en man común, sendo un 27% do territorio. Se preguntásemos que tipos de propiedades hai, a xente diría pública ou privada. É increíble que non saibamos que está afectando a 150.000 comuneiros e comuneiras, unhas 600.000 persoas están involucradas, con todo ese saber facer que hai aí. Isto alértanos de todo un proceso para acabar con todas estas manifestacións dos comúns.

**L.D.:** E sobretudo invisibilizando as boas prácticas, que son absolutamente descoñecidas, de xestión do común no monte e que funcionan moi ben.

**F.Q.:** Nunha das sesións falamos con Ana Cabana de varias mulleres que nos anos 50 negáronse a pagar unha cota do sindicato agrícola. Reuníanse a través dun lavadoiro, o que se podería ver como unha simple infraestrutura para lavar a roupa... A través deses espazos informais, de intercambio, dese camiñar, foron tecendo un proceso de resistencia. E eses comúns están tamén neses espazos, non só no monte veciñal. Algunha vez preguntámoslle a unhas veciñas dos montes: hai máis comúns na comunidade, á parte do monte veciñal? E a maioría din que non, pero despois dinche "téñome que ir que teño que ir coidar dunha veciña". Iso é un común tamén,

eses procesos de solidariedade e de acompañamento, de apoio mutuo. Esas redes xeran unha grande capacidade de resiliencia para enfrentarse ás adversidades. E tamén se ve, neses procesos, como a xente é moito máis intelixente do que a nós, desde unha mirada superficial, nos poida parecer.

**—Moitas veces son mecanismos efémeros, no sentido de que non deixan pegada, non deixan**

**registro, o que os fai máis difíciles de apreixar pola ollada académica.**

**L.D.:** E a lóxica capitalista está acabando con eles, moitos deles están en perigo de extinción.

**“É increíble que neste país teñamos un descoñecemento tan grande do monte en man común, sendo un 27% do territorio”**

*Fran Quiroga*

**F.Q.:** Claro, porque se privatizan os coidados, a xestión do monte...

**L.D.:** Todo. Cada quen ten os seus propios apeiros de labranza, xa non necesita o do veciño... Cambian as lóxicas de vida e de coidados, medicalízase o corpo, e iso fai que se perdan saberes...

**F.Q.:** Si, e estes procesos van acompañados de desvalorización deses saberes. Esta xente ten moitas veces unha conciencia de que non sabe. Para min iso é o máis grave. Din “non, eu desto non sei”. Como que non? Ao mellor eu non sei plantar as patacas pero ti sabes, e neses procesos é onde temos as aprendizaxes.

**—Nese sentido, a nivel metodolóxico tratades de integrar esas subalternas coas que traballades no propio proceso de xeración de coñecemento? Facedes que elas se sintan partícipes do proceso de investigación?**

**L.D.:** Intentouse e creo que houbo resultados moi interesantes. No módulo que tivemos en Vincios tivemos un diálogo de saberes con comuneiras locais, no que precisamente se favoreceu ese falar de certos coñecementos que a priori non son avalados polas institucións académicas. De que xeito se recupera o patrimonio, xeitos de vivir, xeitos de facer... que non están visibilizados.

**F.Q.:** O que pasa é que temos un problema de linguaxes compartidas...

**L.Q.:** Moitas veces somos vistas como os outros, as outras. É moi difícil entrarlle á comunidade sen ser vista como un elemento extraño.

**F.Q.:** Ao mellor teríamos que ter unha comunidade máis concreta e situada e non atendermos a moitas fronteas, diferentes territorios, o que non permite facer un traballo máis concreto, cun proceso longo... É un proceso como de acupuntura, no que tamén se cuestiona, se problematiza... Como superar esas visións elitistas?, ese investigador que parece que é un deus que ven d arriba?... temos que revertir isto.

**L.D.:** Moitas veces falamos de que as propias ferramentas que temos para achegarnos son paternalistas per se. Estamos continuamente revisando as metodoloxías, as visións, como nos achegamos, como falamos... É un proceso constante, en constante revisión.

**F.Q.:** Temos que buscar eses lugares que facilitan a confianza. Iso no medio rural é fundamental. Se non hai unha confianza non se desencadean máis procesos.

**L.D.:** Tivemos unha sesión co proxecto Louceiros de Bamio, e o momento previo á sesión, que foi un xantar colaborativo coas mulleres da asociación, foi o máis enriquecedor, porque precisamente neses espazos informais é moito máis fácil achegarse á realidade da outra falando, simplemente.

**—Unha das dificultades para abordar as subalternas do punto de vista da investigación e da acción radica na súa heteroxeneidade. Fálase da imposibilidade de representar as subalternas. Desde PEMAN tedes reflexionado sobre iso?**

**L.D.:** Creo que non é un obxectivo do grupo como tal representalas; hai unha heteroxeneidade tan grande que sería imposible. Creo que temos máis vontade de achegarnos a certas realidades que doutra cousa.

**F.Q.:** Temos que reivindicar a diversidade. Volverse sentir cómodos na diversidade epistémica, de formas de facer, de estar e de ser no mundo. Aí é onde se dá a riqueza; senon está habendo un proceso de epistemicidio: todos temos que ser iguais, nos mesmos corpos, a vida só se enfoca de maneira produtivista... Claro que vai ser difícil representar todas esas realidades. Nós non vamos poder responder a toda a problemática que hai no medio rural a través dun programa de estudos... Se polo menos somos capaces de facilitar unha pequena fractura nas institucións para integrar outros procesos, ademais de facilitar estes diálogos de saberes e trazar tamén outro tipo de redes... Xa é un paso.

**“Moitas veces falamos de que as propias ferramentas que temos para achegarnos son paternalistas per se. Estamos continuamente revisando as metodoloxías, as visións, como nos achegamos, como falamos...”**

*Lara Dopazo*



Unha das actividades do Programa de Estudos en Man Común.

Foto: Fran Quiroga

**—Vedes posíbel que as subalternas tezan formas de comunicación que vaian máis alá da propia comunidade?**

**F.Q.:** Dalgunha maneira a internet, onde non hai que ter unha voz única, fronte a esas estruturas máis tradicionais e xerárquicas, pode facilitar esas formas máis difusas e descentralizadas. Poden replicar en parte eses outros procesos que se podían dar, como o das mulleres nos lavadoiros, esas intelixencias de resiliencia, ese galego que se amosa coita-diño, “eu desto non che sei nada”... Mais detrás diso hai moito máis.

**—Ese facerse o parvo como táctica infrapolítica das subalternas, en termos de Scott... Dentro do PEMAN xorde un proxecto adicado a visibilizar a unhas subalternas que tamén foron obxecto de epistemicidio na modernidade, as meigas.**

**F.Q.:** Non queríamos que o programa de estudos se convertira nunha sucesión de seminarios, senón que buscásemos o modo de recuperar espazos de socialización. A universidade debería ser ese espazo de socialización tamén. E a través diso xérase tamén ese espazo para ese acontecemento, para esa faísca.

**L.D.:** Así, o Proxecto Meigas xorde do PEMAN, pero desbórdao.

A idea de partida é buscar nas xenealoxías que nos preceden e reivindicar eses saberes que se invisibilizaron, que proviñan das mulleres. Buscar a reapropiación dos corpos e da vida, que está sendo privatizada, e tamén ver de onde vimos. Esas mulleres totalmente invisibilizadas, que combatiron coas ferramentas que tiñan a man no Franquismo e non coñecemos, salvo casos moi puntuais, precisamente porque formaban parte da base da xerarquía social, porque eran mulleres e eran de ámbitos rurais... Reivindicar esas figuras e aproveitalas hoxe en día. Todos eses saberes, esas formas de facer e esas potencialidades que están invisibilizadas.

**“Debemos deconstruír estas narrativas oficiais e estes discursos, porque ao final o que están xerando é máis subalternización”**

*Fran Quiroga*

**—Reivindicades a figura da muller sabia dentro doutra liña de saber...**

**L.D.:** Saberes que hoxe en día non están recoñecidos nin avalados. Ese coñecer toda a flora que tiñas ao redor e como utilizala. Esa sabedoría sobre os corpos, sobre como tratalos e curalos, nun momento no que estamos tan sumamente medicalizadas.

**F.Q.:** Aí houbo outro proceso de acumulación por desposesión. Eran uns saberes co-

múns que de repente a farmacopea toda vai privatizando...

**L.D.:** E se foron desprestixiando. Moitas mulleres que teñen coñecementos sobre eses temas dinche que non vale, porque é mellor tomar calquera comprimido que receite un médico.

**—Parecería que esas tácticas de resistencia subalternas non interesa comunicarse cara afora. Para a súa supervivencia se cada non lles convén seren enunciadas, ou levar o seu discurso oculto aos ámbitos do discurso dominante. Estaría no certo Spivak cando concluía que as subalternas non poden falar?**

**L.D.:** Non teño claro até que punto estas realidades subalternas non teñen interese en que a súa realidade ou o seu posicionamento se coñeza ou até que punto non teñen canles visibilizadas e lexitimizadas para facelo. Algunhas comunidades loitan contra poderes moito máis grandes, económicos, e atopan moi difícil visibilizar as súas problemáticas. Venme á cabeza a loita contra as eólicas, as estratexias que desenvolven as comunidades para que o seu territorio non sexa comido por empresas estranxeiras que queren utilizalo para minería, eólicas, ou para facer unha variante da estrada que cren innecesaria. Moitas veces queren facer pública a súa loita pero non atopan nin as canles nin os espazos necesarios lexitimados e masivos para facelo. A liña está difusa entre se poden ou queren ou non.

**F.Q.:** É difícil, pensaba nas feiras, que tamén son espazos comúns. Ás veces digo, mellor non tocalas. Non facerlles nada, funcionan soas, como espazo caótico de venda, de intercambio, de relacións... Para que imos meter nós a gaduña? Tamén pasa cos espazos creativos, que moitas veces xeran procesos de xentrificación. Ás veces é mellor non facer. Pero de todas maneiras é positivo alertar de como debemos deconstruír estas narrativas oficiais e estes discursos, porque ao final o que están xerando é máis subalternización. De que maneira eles poden saber que ferramentas pode haber se sempre se lles deu as costas? Dentro do PEMAN realizouse unha sesión de éticas feministas

nunha comunidade de montes. Algo que ao mellor nunca se problematizara. E esa comunidade financiouno, ou sexa que quixo levarlo adiante, porque había esa confianza. O problema é cando imos impoñendo...

**—Pensastes nalgún momento en utilizar algún tipo de ferramenta comunicativa para divulgar o voso traballo ou darlle voz a eses colectivos? No voso web tedes unha sección chamada Radio Peman...**

**L.D.:** Radio Peman naceu coa vontade de ser a forma auditi-va, a extensión do que facemos en redes sociais ou na web, facer pequenos podcasts onde achegamos o que pasa nas sesións a xente que non puido estar alí fisicamente e tamén para dar voz ao que se está facendo, ás persoas que nos dinamizan as sesións, e ás persoas e co-

munidades que nos acollen.

**F.Q.:** Hai un obxectivo claro do programa que é que teña un retorno social. Temos radio, documéntanse as actividades nos posts, tamén temos editores colaborativos que son os pads, nos que imos escribindo en común como traballar as sesións, e tamén están en aberto... Vaise facer un video creativo final. Nesta etapa empezamos a traballar nunha posíbel publicación para finalizar o programa no que se dea acollida a estas investigacións, liñas, traballos que estivemos facendo...

**L.D.:** A vontade é ser o máis transparentes posible en canto aos procesos e ao que facemos, por iso todo está en aberto, quen queira pode consultalo na web. Porque este proceso experimental que nós estamos facendo paréceunos interesante que se poida ler desde fóra.

**—Falábades de como as creative commons ou outras ferramentas posibilitadas polas NTIC poden favorecer os comúns. Como valorades vós a utilización que se está facendo das redes ou das novas tecnoloxías?**

**F.Q.:** Sen ser uns tecnófilos, é certo que posibilita uns espazos de intercambio. Antes

**“Todo está en aberto, quen queira pode consultalo na web. Porque este proceso experimental que estamos facendo queremos que se poida ler desde fora”**  
*Lara Dopazo*



había un número limitado de medios de comunicación nos que se focalizaba a comunicación. Agora ábreanse novas posibilidades. Con esas ferramentas temos que xogar, o vídeo, a radio, os podcasts... para facilitar esa capilariedade. Que vaia chegando a máis, a través das redes sociais, que se vaian incorporando eses discursos. Pero non só internet funciona. Hai que tocarse tamén, hai que xuntarse, hai que comer, hai que verse, iso tamén é unha ferramenta de comunicación. Por outra parte, non podíamos replicar o modelo que acontece ás veces na Academia, que es como un extractivista de información; vas a esa comunidade, extraes esa información, gárdala, despois publícala nunha revista de alto impacto, a que eu, a quen me sacaches esa información, non teño acceso... Non podemos caer niso.

**—Resulta rechamante esa alianza que tecedes entre a arte contemporánea e a investigación. Adóitase ver a arte contemporánea como un sector moi mercantilizado, de costas á realidade.**

**F.Q.:** A arte contemporánea traballa en torno á subxectividade, e aquí estamos falando de subxectividades. E a arte é tamén un espazo para a posibilidade; seguramente esta investigación na universidade estaría moito máis encorsetada, cunha visión moito máis tradicional. Creo que é grave que a arte contemporánea na actualidade estea só vinculada ao mercantilismo. Os museos de arte contemporánea teñen que construír presente, teñen que estar aí, nese proceso. No momento de *impasse* no que

nos atopamos, de cambio de paradigma, a arte ten que estar presente. Porque a arte ao final é imaxinación, e o que facemos co programa dalgunha maneira é imaxinar un algo, imaxinalo facendo. A través deste facer, cos conflitos, as dificultades, os marcos nos que estamos, imaxinamos; ao fin e ao cabo é unha invención. É increíble que a Academia non permita experimentar nos ámbitos das ciencias sociais, que teña que estar todo hiperregulado, cando os matemáticos poden experimentar nos seus laboratorios, por que nós non podemos ter os nosos laboratorios experimentais onde facilitar outros procesos? Poden ser fallidos, como o programa pode non cumprir con todas as expectativas... A arte ten que ser unha aliada fundamental.

**L.D.:** Nós xogamos... Probamos a xuntar cousas, a ver o que pasa. Somos un laboratorio de xuntar improbables. Que pasa se xuntamos os comúns, coa ruralidade e co feminismo? E que pasa se collemos alguén que traballa en temas artísticos nunha institución prestixiosa e a xuntamos con esta comunidade que ten o museo máis próximo a 100 km? Estamos xogando continuamente a xuntar cousas que normalmente non se xuntan e o resultado é moi enriquecedor. Tamén xogamos con que os conceptos son un pouco máis amplos da definición a priori. Para min arte non é só esa arte mercantilizada que se pode mercar e vender. É moito máis. Hai arte que non é considerada alta cultura pero que para min si é arte. Xogamos tamén nesas interseccións.

Na canle de youtube da revista poden consultarse algúns fragmentos da conversa (<https://www.youtube.com/channel/UC-lvGt8sOMiBfhvMVsj2eUw>), gravada por César Fieiras e Íñigo Rolán na facultade de Filosofía da USC. Luís Ogando foi o encargado da edición e publicación dos vídeos.